



CIRCULAR 81/2011

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS DE CAMPO A TRAVÉS

III Cross Concello da Pobra do Caramiñal

Pobra do Caramiñal (Praia de Cabio, A Coruña), 22 de xaneiro do 2012

O Concello de Pobra do Caramiñal e a Agrupación Deportiva do Barbanza, conxuntamente ca Delegación da FGA en Santiago de Compostela organizan o **Campionato Galego de campo a través veterán**, no circuito de campo a través sito na praia de Cabio, Pobra do Caramiñal (A Coruña), baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices. A proba terá lugar o domingo día 22 de xaneiro.

REGULAMENTO

1. Poderán participar todos os **atletas federados** das seguintes categorías (homes e mulleres) que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/2012) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezan a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

A nivel individual:

HOMES

M-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 en diante

MULLERES

F-35 De 35 a 39 anos
F-40 De 40 a 44 anos
F-45 De 45 a 49 anos
F-50 De 50 a 54 anos
F-55 De 55 a 59 anos
F-60 De 60 a 64 anos
F-65 De 65 a 69 anos
F-70 De 70 a 74 anos
F-75 De 75 a 79 anos
F-80 De 80 a 84 anos
F-85 De 85 en diante

A nivel de equipos:

HOMES

M-35/M40 De 35 a 44 anos
M-45/ + De 45 en diante

MULLERES

F-35/+ De 35 en diante

Os atletas poden baixar de categoría, sendo polo menos 2 dos atletas que puntúan no equipo da categoría na que se quere puntuar (a inferior). Un atleta poderá baixar de categoría para puntuar co





seu equipo sempre que o manifeste á hora da inscrición, en caso contrario, puntuará co seu grupo de idade. Non se pode dobrar. Non se permiten cambios o día da proba.

2. Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase en cada unha das 3 carreiras programadas.

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante). Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

3. DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA APROX.
11:35	Veteranas	Mulleres	5300 metros
12:10	Veteráns (M35-M40)	Homes	7300 metros
12:55	Veteráns (M45 e seguintes)	Homes	5300 metros
14:20	Entrega de PREMIOS		

- As inscricións farase na páxina web www.atletismogalego.org como máximo ata o martes 17 de xaneiro ás 20:00 horas. Deberán reflexar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenzia federativa**. Para a inscrición por equipos é imprescindible reflexar o nome do clube e os compoñentes do mesmo cos datos persoais arriba indicados.
- Os delegados oficiais dos Clubs poderán retirar na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.
- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo).
- A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.
- Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa RFEA en vigor.
- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.
- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**
 - Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
 - Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
 - Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a secgeneral@fgatletismo.com sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 27 de decembro de 2011

